

OBRADOIRO TÉCNICO SOBRE A TONIÑA: EDUCACIÓN AMBIENTAL



DATA: Venres, 20 outubro, 2023

LUGAR: Museo do Mar de Galicia. Actividade presencial

ORGANIZA: CEMMA

COLABORA: Museo do Mar de Galicia.

OBXECTIVOS

Os humanos mantemos una contradictoria relación cos mamíferos marinos, por una banda son especies cun estatus especial a causa da súa difícil situación de sobrevivencia, por outra ocupan un lugar destacado no imaxinario e afecto humanos pero en cambio as actividades humanas, moitas delas perniciosas para as especies, distan moito de minguar, senón ao contrario aumentan.

A toniña, *Phocoena phocoena*, é unha especie singular dende o punto de vista da biodiversidade, mais cun comportamento esquivo e discreto, o que a fai que pase moi desapercibida no mar e na cultura.

Un dos primeiros problemas que temos con esta especie, á hora de afrontar labores de conservación, é o descoñecemento científico e social. É por iso que as lagoas de información científica e sobre todo a indiferencia sobre a súa presenza e situación para a sociedade son dous dos principais problemas que hai que abordar.

Obxectivo xeral:

Dar a coñecer a ecobioloxía da toniña afro-ibérica, a súa problemática e os materiais e actividades propostos na líña da súa conservación.

Obxectivos específicos:

Coñecer os detalles da ecobioloxía da toniña afro-ibérica.

Coñecer de primeira man a información máis completa sobre a súa difícil situación e as ameazas.

Coñecer os materiais e actividades propostos pola CEMMA como impacto social e tamén outros complementarios, sobre os cetáceos e sobre a toniña.

Abrir un debate sobre as actividades propostas na líña da súa conservación.



DIRIXIDO A

Persoas que traballen no eido educativo e da educación ambiental.

CARACTERÍSTICAS

4 horas.

Idioma: galego.

Diploma acreditativo.

CONTIDOS

- 16.00 h. Recepción e presentación
- 16.20 h. Bioloxía da toniña. Pablo Covelo, biólogo de CEMMA.
- 16.40 h. Ameazas e situación de conservación. Alfredo López, biólogo de CEMMA-Investigador da Universidade de Aveiro/CESAM.
- 17.00 h. Incorporación dos mamíferos mariños ao currículo escolar. Lucía Parente, profesora de bioloxía e socia de CEMMA.
- 17.20 - 17.40 h. Descanso
- 17.40 h. Materiais de educación ambiental de CEMMA para diferentes idades. CEMMA. Os bolechas (Pepe Carreiro). Carmela Orzán (Manel Craneo), Salseiro (Tokio). Fichas, Cartel cetáceos, Cartel candorcas.
- 18:00 h. Proposta de actividades complementarias:

Dende as candorcas ata a vida mariña en suspensión. Promover a Cultura Oceánica. Blanca Puig. Prof. Titular Área de Didáctica das Ciencias Experimentais/ Dep. Didácticas Aplicadas/ Fac. Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela (USC)

O ENCONTRO: Un conto de humanos e candorcas. Surf-and-clean

O cachalote do Museo do mar de Galicia

Yanet Betancor, coordinadora do Servizo de Didáctica do Museo do Mar de Galicia, Galipat Servizos Culturais.

Simulacro de rescate.

INSCRICIÓN: Inscrición gratuíta en cemmasolicitud@gmail.com